

Traslado para alegacións en relación cos recursos de reposición interpostos contra a Resolución Reitoral do 03.04.2017 pola que convocou concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

O 15.05.2017, entrada núm. 101/1612D, D. José Antonio Bouzas Gómez interpuxo un recurso de reposición contra a Resolución Reitoral do 03.04.2017 sobre eventual nulidade das bases primeira e terceira do concurso de traslados do Persoal de Administración e Servizos da Universidade da Coruña por vulneración do artigo 14 da Constitución e por vulneración das condicións de participación do contido do artigo 91 da Lei 2/2015 de Emprego público de Galicia.

O 16.05.2017, con rexistro de entrada núm. 101/1623, María José Parga Massa, Beatriz Regueira Guntín e Juan Manuel Pernas Ladra, con rexistro de entrada 101/1627 Xosé Manuel Portela Fernández, María Pilar Comesaña Pérez, Manuela Pinazas Rego, María Montserrat Fernández Casal, José Antonio Bouzas Gómez e Nuria vieira Sousa –a título individual e como representantes da candidatura Alternativa de PAS Asamblearia- e o 18.05.2017, con rexistro de entrada 102/451, Pedro M. Monteserín Macías –como representante de CSIF- interpuxeron recursos de reposición contra a Resolución Reitoral do 03.04.2017 que entenden nula por non incluír no Anexo I cinco prazas vacantes correspondentes á sub-escala de informática

En cumprimento do disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, reguladora do Procedemento administrativo común das administracións públicas, os ditos recursos pónenselles de manifesto aos interesados aos que se lles concede un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, para que poidan acceder aos recursos de reposición antes citados e formular as alegacións que estimen procedentes. Para o efecto poderán acudir ás dependencias do Servizo de Pas en horario de 09.00 a 14.00.